



## VOTACIÓN XVII CONCURSO CARTEIS FESTA DA TROITA.

Periodo de votación: do 9 ao 13 de abril (días laborais)

### Normas:

1. So poden exercer o seu dereito ao voto os veciños empadroados no concello de Ponte Caldelas. En caso de non estalo, eliminarase a súa papeleta.
2. E obligatorio achegar unha copia do dni
3. No caso de que unha persoa vote en dous sitios ( concello e centro cultural), so terá validez o primeiro

NOME E APELIDOS:.....

.....

DNI:..... TELF:.....

ENDEREZO:.....

Cartel Nº:.....

Lema: .....

.....

Firma:



## VOTACIÓN XVII CONCURSO FOTOGRAFÍA FESTA DA TROITA.

Periodo de votación: do 9 ao 13 de abril (días laborais)

### Normas:

1. So poden exercer o seu dereito ao voto os veciños empadroados no concello de Ponte Caldelas. En caso de non estalo, eliminarase a súa papeleta.
2. E obrigatorio achegar unha copia do dni
3. No caso de que unha persoa vote en dous sitios ( concello e centro cultural), so terá validez o primeiro

NOME E APELIDOS:.....

.....

DNI:..... TELF:.....

ENDEREZO:.....

Fotografía Nº:.....

Lema: .....

.....

Firma:

Sistema de elección das fotografías premiadas.-

a) Coas obras presentadas o Concello de Ponte Caldelas organizará unha exposición pública no Centro Cultural (Rúa Emigrante s/n, Ponte Caldelas) e na web [www.pontecaldelas.org](http://www.pontecaldelas.org) entre os días 9 e 13 de abril (aberta en días laborais). Nesta exposición os veciños e veciñas de Ponte Caldelas poderán coñecer os traballos presentados. As obras estarán expostas de maneira anónima, é dicir, non figurarán os datos persoais do autor ou autora. **Nesta exposición estarán sinaladas as 9 obras que previamente serán seleccionadas polo Xurado composto ó efecto.**

b) Aqueles veciños **maiores de idade** que así o desexen poderán emitir un único voto de entre as 9 obras sinaladas polo Xurado. Terán a condición de elector unicamente as persoas que figuren como alta no Padrón Municipal de habitantes no día de emisión do voto.

c) Os modelos de emisión do voto serán facilitados na propia exposición e nas oficinas de rexistro do Concello de Ponte Caldelas e deberán de ir debidamente asinados e acompañados da fotocopia do Documento Nacional de Identidade correspondente.

d) A obra gañadora será a que reciba máis votos. Este sistema de elección será válido unicamente no caso en que se acaden un mínimo de 25 veciños votantes. No caso contrario a elección será levada a cabo polo Xurado que designará de entre as nove obras previamente sinaladas. **En caso de empate será o Xurado o que desfaga o mesmo.**

e) A composición do Xurado será a seguinte:

Presidente: Sr. Alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Vogais: D. Alfonso Gutiérrez Santiago e D. Manuel Xesús Muíños Rodríguez, tenentes de alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen deleguen, e dous membros designados pola Xunta de Goberno.

Secretario: A Secretaria do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Neste Xurado todos os seus membros contarán con voz e voto excepto a Secretaria que constará a efectos meramente administrativos.

O Xurado considerará, prioritariamente, a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a súa sintonía co espírito da “Festa da Troita” e o concepto e carácter de sostenibilidade da mesma.

Sistema de elección do cartel.-

a) Coas obras presentadas o Concello de Ponte Caldelas organizará unha exposición pública no Centro Cultural (Rúa Emigrante s/n, Ponte Caldelas) e na web [ww.pontecaldelas.org](http://ww.pontecaldelas.org) entre os días 9 e 13 de abril (aberta en días laborais). Nesta exposición os veciños e veciñas de Ponte Caldelas poderán coñecer os traballos presentados. As obras estarán expostas de maneira anónima, é dicir, non figurarán os datos persoais do autor ou autora. **Nesta exposición estarán sinaladas as 3 obras que previamente serán seleccionadas polo Xurado composto ó efecto.**

b) Aqueles veciños **maiores de idade** que así o desexen poderán emitir un único voto de entre as 3 obras sinaladas polo Xurado. Terán a condición de elector unicamente as persoas que figuren como alta no Padrón Municipal de habitantes no día de emisión do voto.

c) Os modelos de emisión do voto serán facilitados na propia exposición e nas oficinas de rexistro do Concello de Ponte Caldelas e deberán de ir debidamente asinados e acompañados da fotocopia do Documento Nacional de Identidade correspondente

d) A obra gañadora será a que reciba máis votos. Este sistema de elección será válido unicamente no caso en que se acaden un mínimo de 25 veciños votantes. No caso contrario a elección será levada a cabo polo Xurado que designará de entre as tres obras previamente sinaladas. **En caso de empate será o Xurado o que designe á obra gañadora.**

e) A composición do Xurado será a seguinte:

Presidente: Sr. Alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Vogais: D. Alfonso Gutiérrez Santiago e D. Manuel Xesús Muíños Rodríguez, tenentes de alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen deleguen, e dous membros designados pola Xunta de Goberno.

Secretario: A Secretaria do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Neste Xurado todos os seus membros contarán con voz e voto excepto a Secretaria que constará a efectos meramente administrativos.

O Xurado considerará, prioritariamente, a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo como cartel publicitario e a súa sintonía co espírito da “Festa da Troita” así como co concepto e carácter de sostenibilidade da mesma.